



Compostela. 26 de Abril de 2006.

A cooperación entre organizacións de acción social.

Os retos da Lei de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia.



CONCLUSIÓNS

O 26 de abril de 2006, cinco días despois de que o Consello de Ministros de España aprobara a *Lei de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia*, celebrouse en Santiago de Compostela (EGAP) o obradoiro **“A cooperación entre organizacións de acción social. Os retos da Lei de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia”**.

Nesta iniciativa do Departamento de Servizos Sociais da Concellaría de Benestar Social do Concello de Santiago de Compostela, a demanda do Grupo Sociosanitario do Consello Municipal de Servizos Sociais, participaron en total 80 persoas de 43 entidades distintas.

Este documento recolle as conclusión do traballo de identificación das oportunidades e ameazas que a Lei presenta ás entidades de acción social. Recóllense tamén reflexións e accións que poden contribuír a aproveitar as oportunidades ou afrontar as ameazas que a *Lei de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia* presenta ás entidades de acción social de Compostela.

Conclusións

O novo escenario que se crea pola implantación da Lei, propicia para o sector non lucrativo de acción social as seguintes oportunidades e ameazas.

Oportunidades:

- Incremento de apoios para abordar a tarefa de profesionalización das ONLs.
- Posibilidade de acadar acordos de colaboración con distintas administracións que permitan un financiamento máis continuado dos servizos que prestan as ONLs de acción social.
- Esixencia de prestación de servizos de calidade.
- Aparición de novos xacementos de emprego.
- Colaboración entre ONLs para a prestación de servizos e a formación.
- Colaboración entre ONLs en xeral.

Ameazas:

- Competitividade entre entidades en detrimento do traballo interasociativo.
- Competitividade entre ONLs e o sector lucrativo.



Compostela. 26 de Abril de 2006.

A cooperación entre organizacións de acción social.

Os retos da Lei de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia.



CONCLUSIÓNS

- Perda de representación do sector non lucrativo no novo escenario de acción social.
- Exclusión de colectivos da cobertura da dependencia.
- Falta de concreción nos criterios de valoración da dependencia.
- Non atención a programas preventivos.
- Diferencias de financiamento entre as Comunidades Autónomas.
- Copago dos servizos.

Reflexións e accións:

As ameazas e oportunidades identificadas propician as seguintes reflexións e accións para o sector non lucrativo de acción social.

- Necesidade de xerar unha maior difusión da Lei e das súas implicacións a todos os axentes implicados.
- Adaptación das entidades ao novo escenario e orientación á profesionalización da atención e a xestión: recursos en formación, ordenación dos recursos humanos, implantación de sistemas de xestión da calidade...

Cómpre desenvolver iniciativas para o fortalecemento do terceiro sector *para*:

- Posicionarse respecto ao sector lucrativo: actuar fronte ou colaborar co sector lucrativo.
- Ser interlocutor coas administracións públicas: ser reivindicativo, incrementar o catálogo de servizos, colaborar, construír unha rede...
- Mellorar a calidade do traballo que se está a desenvolver.
- Contribuír a establecer e concretar o sistema de financiamento e a inspección e avaliación.

Cómpre desenvolver iniciativas para o fortalecemento do terceiro sector *mediante*:

- Creación de participación en foros de debate.
- Colaboración entre entidades do terceiro sector: complementariedade na prestación de servizos, compartindo recursos humanos...
- Incremento da representación mediante entidades de segundo nivel: federacións...
- Elaboración de planificación estratéxica nas entidades e no sector: elaboración dun plan estratéxico de sector (terceiro sector, e ámbito sociosanitario).

Santiago de Compostela, a 26 de abril de 2006.